

**memoria
de
xestión**

2013

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



CONTIDO

1. XUNTA DE GOBERNO.....	2
2. XUNTAS DIRECTIVAS	3
3. XUNTAS XERAIS 2013	5
4. RELACIÓN DE CONVENIOS SUBSCRITOS.....	8
5. SECERETARÍA COLEXIAL	9
6. COMISIÓN DE CULTURA.....	11
7. FORMACIÓN	14
8. CONCURSOS.....	16
9. COMISION DE URBANISMO E TERRITORIO TERRITORIO, URBANISMO, PATRIMONIO E PAIXASE	18
10. INFORME DE XESTIÓN ECONÓMICA	20
CONTAS ANUAIS.....	20
RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.....	20
11. RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL	23
12. INFORMACIÓN ESTATÍSTICA SOBRE A ACTIVIDADE DE VISADO	25
13. QUEIXAS E RECLAMACIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS	27
RESUMO DE ACTIVIDADES DO SERVIZO DE DEONTOLOXÍA	27
PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES.	28
INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓN DE COLEXIADOS.....	30
14. AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES.....	34
15. DELEGACIÓN COLEXIAIS.....	39
DELEGACIÓN DE A CORUÑA	39
DELEGACIÓN DE LUGO.....	42
DELEGACIÓN DE OURENSE.....	47
DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA.....	50
DELEGACIÓN DE VIGO.....	53
DELEGACIÓN DE SANTIAGO	55
DELEGACIÓN DE FERROL.....	58



1. XUNTA DE GOBERNO

COMPOSICIÓN E SESIÓNS

Durante o exercicio de 2013, tiveron lugar eleccións para os cargos de Xunta de Goberno o día 20 de marzo. Ata ese día, a súa composición era:

DECANO-PRESIDENTE / **JORGE DUARTE VÁZQUEZ**
TESOUREIRA-CONTADORA EN FUNCIÓNS/ **ANA DOMÍNGUEZ LAÍÑO ***
VOCAL/SECRETARIO EN FUNCIÓNS / **JORGE ÁLVAREZ RÚA**
VOCAL / **PABLO NOYA SUÁREZ**
VOCAL / **MIGUEL CARBALLIDO PENSADO**
VOCAL A CORUÑA / **FERNANDO MARTÍNEZ LÓPEZ**
PRESIDENTE A CORUÑA / **XOSÉ MANUEL LÓPEZ MIHURA**
PRESIDENTE LUGO / **RAÚL J. VEIGA LAMELAS**
PRESIDENTE OURENSE / **JOSÉ JAIME VÁZQUEZ IGLESIAS**
PRESIDENTE PONTEVEDRA / **MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY**
PRESIDENTE VIGO / **MARTÍN DE COMINGES CARVALLO**
PRESIDENTA SANTIAGO / **ANA DOMÍNGUEZ LAÍÑO**
PRESIDENTE FERROL / **XOSÉ MANUEL LÓPEZ LEIRA**

(*).- Asume a Tesourería tras a dimisión do anterior Tesoureiro na Xunta Xeral ordinaria de 20 de decembro de 2012.

Logo das eleccións, os candidatos elixidos tomaron posesión dos seus cargos na Xunta Xeral extraordinaria celebrada o día 8 de abril, quedando a composición da Xunta de Goberno en:

DECANO-PRESIDENTE / **ANTONIO MAROÑO CAL**
TESOUREIRO-CONTADOR / **CARLOS RODRÍGUEZ DE LA TORRE**
SECRETARIO / **JOSÉ LUÍS SANMIGUEL GUERREIRO**
VOCAL / **ELVIRA CARREGADO PAZOS**
VOCAL / **ALFREDO DÍAZ GRANDE**
VOCAL / **XOSÉ MANUEL LÓPEZ LEIRA**
VOCAL A CORUÑA / **CRISTÓBAL CRESPO GONZÁLEZ**
VOCAL VIGO / **JOSÉ MANUEL ROSALES NOVES**
PRESIDENTE A CORUÑA / **CARLOS PITA ABAD**
PRESIDENTE LUGO / **RAÚL J. VEIGA LAMELAS**
PRESIDENTE OURENSE / **JOSÉ JAIME VÁZQUEZ IGLESIAS**
PRESIDENTE PONTEVEDRA / **MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY**
PRESIDENTE VIGO / **ANTONIO DAVILA ALONSO**
PRESIDENTA SANTIAGO / **ANA DOMÍNGUEZ LAÍÑO**
PRESIDENTE FERROL / **RAMÓN MONTERO CEREIJO**

A Xunta de Goberno celebrou 27 reunións no transcurso do ano 2013.

COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva da Xunta de Goberno estivo formada polo Decano, o Tesoureiro, o Secretario , o vocal D. Alfredo Díaz Grande e a Presidenta da Delegación de Santiago, Dona Ana Domínguez Laíño. Durante o ano 2013 celebrou 1 reunión.



2. XUNTAS DIRECTIVAS

As Xuntas Directivas das Delegacións estiveron conformadas do seguinte xeito:

Ata o día 8 de abril:

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Xosé Manuel López Mihura.
Tesoureiro: Dona Marta Trasancos Yañez.
Secretario: D. Víctor Ramos Rodríguez.

DELEGACIÓN DE LUGO

Presidente: D. Raúl J. Veiga Lamelas.
Tesoureiro: Dona Celia Fajar Lomba.
Secretario: D. José Luis Sanmiguel Guerreiro.

DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. José Jaime Vázquez Iglesias.
Tesoureiro: D. Ramón J. Valencia Hentschel.
Secretario: D. Juan Carlos Tourís Lores.

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Manuel Abelleira Argibay.
Tesoureiro: Dona María Luísa Pierres López.
Secretario: D. Wenceslao López Velasco.

DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Martín de Cominges Carvallo.
Tesoureiro: Dona Fátima Iglesias González.
Secretario: D. Jordi Castro Andrade.

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidente: Dona Ana Domínguez Laíño.
Tesoureiro: D. Santiago Rodríguez Alcalá.
Secretario: Dona Mónica Carracedo Rodríguez.

DELEGACIÓN DE FERROL

Presidente: D. Xosé Manuel López Leira.
Tesoureiro: D. José Romero Alonso.
Secretario: D. Miguel Anxo Reimúndez González.

Desde o día 8 de abril:

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Carlos Pita Abad
Secretario: Dona Concepción García García
Tesoureiro: D. Jorge Meijide Tomás

DELEGACIÓN DE LUGO

Presidente: D. Raúl J. Veiga Lamelas.
Secretario: D. José Luis Sanmiguel Guerreiro⁽¹⁾.
Tesoureira: Dona Celia Fajar Lomba.

DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. José Jaime Vázquez Iglesias.
Secretario: D. Juan Carlos Tourís Lores.
Tesoureiro: D. Ramón J. Valencia Hentschel.

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Manuel Abelleira Argibay.
Secretario: D. Wenceslao López Velasco.
Tesoureira: Dona María Luisa Pierres López.

DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Antonio Davila Alonso.
Secretario: D. Simón Pereiro López Quecuty.
Tesoureiro: D. Manuel Martínez Carazo.

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidenta: Dona Ana Domínguez Laíño.
Secretaria: Dona Mónica Carracedo Rodríguez⁽²⁾.
Tesoureira: Dona Idoia Camiruaga Oses.

DELEGACIÓN DE FERROL

Presidente: D. Ramón Montero Cereijo.
Secretario: D. Santiago González Fernández.
Tesoureiro: D. José Alejandro Romero Alonso.



(1) Con motivo da elección como Secretario do Colexio de D. José Luís Sanmiguel Guerreiro, convocáronse eleccións para o cargo de Secretario da Delegación de Lugo, resultando directamente electo, sen necesidade de elección por non presentarse máis candidaturas, o colexiado D. Luís Díaz Díaz.

(2) Tamén por causa da dimisión da Secretaria da Delegación de Santiago, convocáronse eleccións para este cargo, proclamándose directamente electo sen necesidade de elección, por non presentarse máis candidaturas, ao colexiado D. Santiago García Suárez.



3. XUNTAS XERAIS 2013

ORDINARIAS

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada o día 30 de maio de 2013 na Sede colexial de Santiago de Compostela, tratouse a seguinte Orde do Día:

- 1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTA DA XUNTA XERAL ORDINARIA DE 20 DE DECEMBRO DE 2012, DA EXTRAORDINARIA DE 18 DE FEBREIRO DE 2013 E DA EXTRAORDINARIA DE 6 DE MAIO DE 2013.
- 2º.- INFORME DO ILMO. SR. DECANO.
- 3º.- MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2012.
- 4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2012.
- 5º.- INFORME DO SR. SECRETARIO.
- 6º.- ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Logo das votacións, o resultado foi o seguinte:

- PUNTO 1º.- APROBAR AS ACTAS DA XUNTA XERAL ORDINARIA DE 20 DE DECEMBRO DE 2012, E DA EXTRAORDINARIA DE 18 DE FEBREIRO DE 2013.
Votos a favor: 60, votos en contra: 0, abstencións: 0.
En consecuencia, quedou aprobado o Punto 1º.
- PUNTO 3º.- APROBAR A MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2012.
Votos a favor: 29, votos en contra: 3, abstencións: 34.
En consecuencia, quedou aprobado o Punto 3º.
- PUNTO 4º.- APROBAR AS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2012.
Votos a favor: 18, votos en contra: 4, abstencións: 48.
En consecuencia, quedou aprobado o Punto 4º.

Na Xunta Xeral ordinaria que se celebrou o día 19 de decembro de na sede do Colexio, tratáronse os seguintes puntos:

- PUNTO 1º. APROBACIÓN SE PROCEDER, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.
- PUNTO 2º. ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DE RESIDENCIA DURANTE O ANO 2013.
- PUNTO 3º. INFORME DO ILMO. SR. DECANO-PRESIDENTE.
- PUNTO 4º. INFORME DO SR. SECRETARIO.
- PUNTO 5º. RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN PROVISIONAL E APROBACIÓN DEFINITIVA, NO SEU CASO, DAS COTAS COLEXIAIS PARA O EXERCICIO 2014.
- PUNTO 6º. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO PARA O EXERCICIO 2014.
- PUNTO 7º. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

O resultado, logo das votacións, foi o seguinte:

- PUNTO 1º. APROBACIÓN SE PROCEDER, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.
Votos a favor: 94, votos en contra: 2, abstencións: 11.
En consecuencia, quedou aprobado o Punto 1º.
- PUNTO 5º. RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN PROVISIONAL E APROBACIÓN DEFINITIVA, NO SEU CASO, DAS COTAS COLEXIAIS PARA O EXERCICIO 2014.
Votos a favor: 125, votos en contra: 0, abstencións: 4.
En consecuencia, quedou aprobado o Punto 5º.



PUNTO 6º. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO PARA O EXERCICIO 2014.

Votos a favor: 126, votos en contra: 10, abstencións: 2.

En consecuencia, quedou aprobado o Punto 6º.

EXTRAORDINARIAS

- O día 18 de febreiro de 2013 tivo lugar na sede central una Xunta Xeral extraordinaria, na que se tratou o seguinte punto:

PUNTO ÚNICO. APROBAR A CONTRATACIÓN DA FINANCIACIÓN NECESARIA CUN IMPORTE MÁXIMO DE ATA 750.000 EUROS PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPREGO ACORDADO ENTRE O COLEXIO E OS REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES E SINDICATOS (CIG, UXT, CC.OO E USO) O 26 DE DECEMBRO DE 2012, FACULTANDO AO SR. DECANO-PRESIDENTE PARA A SÚA FORMALIZACIÓN E FIRMA.

O ACORDO ALCANZADO AFECTA A UN TOTAL DE 14 TRABALLADORES, CUNHAS CONDICIÓNS DE INDEMNIZACIÓN DE 23 DÍAS POR ANO TRABALLADO CON UN MÁXIMO DE 17 MENSUALIDADES. ESTE ACORDO ESTÁ COMUNICADO SEGUNDO CORRESPONDE Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA, E PARA DARLLE CUMPRIMENTO É NECESARIO CONVOCAR ESTA XUNTA XERAL.

Este acordo foi rexeitado. O resultado da votación foi de 155 votos a favor da aprobación, 532 en contra, 13 abstencións e 15 votos en branco (total votos emitidos: 715).

- O día 8 de abril de 2013 tivo lugar na sede central una Xunta Xeral extraordinaria, na que se tratou o seguinte punto:

PUNTO ÚNICO. TOMA DE POSESIÓN DOS NOVOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E XUNTAS DIRECTIVAS DO COLEXIO DE ARQUITECTOS.

- O día 6 de maio de 2013 tivo lugar na sede central una Xunta Xeral extraordinaria, na que se tratou o seguinte punto:

1º.- AUTORIZAR, SE PROCEDE, Á XUNTA DE GOBERNO Á REALIZACIÓN DAS OPERACIÓNS PRECISAS PARA REESTRUTURAR O EQUIPO E OS CUSTOS LABORAIS E DE SEGURIDADE SOCIAL MEDIANTE OS EXPEDIENTES E DECISIÓNS PROCEDENTES EN DEREITO E, CONCRETAMENTE E DE FORMA ENUMERATIVA, PROCEDER A REALIZAR EXTINCIÓNS, SUSPENSÍONS E MODIFICACIÓNS, SUBSTANCIAIS E ACCESORIAS, INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS, DE CONTRATOS DE TRABALLO; ACORDOS PARA A XUBILACIÓN DE TRABALLADORES; RENEGOCIACIÓN E SUBSCRICIÓN DE PACTOS COLECTIVOS AOS ANTERIORES FINS.

Este punto resultou aprobado. O resultado da votación foi de 235 votos a favor da aprobación, 63 en contra, e 4 abstencións (total votos emitidos: 302).

- O día 16 de xullo de 2013 tivo lugar na sede central una Xunta Xeral extraordinaria, na que se trataron os seguintes puntos:

PUNTO 1º: INFORME SOBRE A NEGOCIACIÓN LABORAL E REORGANIZACIÓN COLEXIAL,

PUNTO 2º: PRESENTACIÓN E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN INMOBLES DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA,

PUNTO 3º: LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO PARA O 2013.

PUNTO 4º: RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR 45 DE COLEXIADOS CONTRA O ACORDO DA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA CELEBRADA O PASADO 6 DE MAIO. VOTACIÓN.

PUNTO 5º: PRESENTACIÓN E TOMA DE POSESIÓN DO NOVO SECRETARIO DA DELEGACIÓN DE SANTIAGO.



O resultado, logo das votacións, foi o seguinte:

PUNTO 2º: APROBAR O PLAN INMOBLES DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, COAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS POLA DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA.

Ao tratar este punto, o Presidente da Delegación de Pontevedra suxeriu engadir na proposta de Plan de Inmobles unha mención expresa a que "Este Plan non invalida outras opcións que poidan ter interese económico para o Colexio".

Tendo en conta a incorporación desta matización, o Plan de Inmobles foi sometido a votación dos colexiados presentes, sendo aprobado co seguinte **Resultado da votación:**
Votos a favor: 222, votos en contra: 32, abstencións: 2.

En consecuencia, quedou aprobado o Punto 2º.

PUNTO 3º: APROBAR PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO PARA O 2013.

Votos a favor: 209, votos en contra: 38, abstencións: 9.

En consecuencia, quedou aprobado o Punto 3º.

PUNTO 4º: DESESTIMAR O RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR 45 DE COLEXIADOS CONTRA O ACORDO DA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA CELEBRADA O PASADO 6 DE MAIO.

Resultado da votación (a favor e en contra de estimar o recurso):

Votos a favor: 39, votos en contra: 206, abstencións: 9.

- O día 5 de novembro de 2013 tivo lugar na sede central una Xunta Xeral extraordinaria, na que se trataron os seguintes puntos:

PUNTO ÚNICO: INFORME SOBRE OS ORZAMENTOS PARA O EXERCICIO 2014 E LECTURA E APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DAS COTAS COLEXIAIS PARA O EXERCICIO 2014.

Este punto resultou aprobado por 96 votos a favor, ningún en contra e 7 abstencións.



4. RELACIÓN DE CONVENIOS SUBSCRITOS

EUROPEAN INSTITUTE OF REAL ESTATE ANALYSIS. Asinado o 17/10/2012. **Obxecto:** Colaboración en cursos de "Especialista en Optimización de Proxectos Inmobiliarios" e "Optimización de Proxectos Arquitectónicos". **Vixencia:** Ata o 16/02/2013 **Obrigas Colexio:** Organización charla técnica "Optimización de Proxectos Arquitectónicos" e difusión de actividades. **Obrigas da outra parte:** Impartición gratuíta da charla técnica "Optimización de Proxectos Arquitectónicos".

CYPE INGENIEROS, S.A. Asinado o 19/11/2012. **Obxecto:** Intermediación do Colexio entre os colexiados e CYPE para a compra de licenzas de programas e a formación no manexo das mesmas. **Vixencia:** Ata o 31/12/2013. **Obrigas Colexio:** Publicitar as ofertas de CYPE Ingenieros, S.A. **Obrigas da outra parte:** Ofertas especiais para colexiados en produtos CYPE e en formación.

INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA Asinado o 05/02/2013. **Obxecto:** Intercambio de información estatística da edificación e da construción en Galicia. **Vixencia:** un ano prorrogable. **Obrigas Colexio:** Facilitar ao IGE, a través dun procedemento automatizado, a información estatística da actividade de edificación e de urbanismo das Delegacións. **Obrigas da outra parte:** Incorporación dos datos facilitados para facilitar a tramitación telemática de licenzas e impulsar a administración electrónica das entidades locais.

EXCMO. CONCELLO DE OURENSE E COLEXIO DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS DE OURENSE Asinado o 22/10/2013. **Obxecto:** Mellorar a execución dos informes da Inspección Técnica de edificios e, no seu caso, para a execución subsidiaria das obrigas contidas na ordenanza municipal, fundamentalmente o referente á redacción do informe ITE de oficio por parte do concello. **Vixencia:** Ata o 31/12/2013. **Obrigas Colexio:** Difusión da ordenanza e organización de cursos de formación respecto da elaboración dos informes de ITE. **Obrigas da outra parte:** O concello elaborará unha lista específica de técnicos para a elaboración das ITE.

5. SECRETARÍA COLEXIAL

As actividades desenvolvidas pola Secretaría colexial durante o exercicio obxecto desta memoria enmarcáronse dentro das funcións normais deste Departamento, materializándose na tramitación dos seguintes asuntos:

- Convocatoria, envío de documentación e redacción de 27 actas, correspondentes ás respectivas sesións de Xunta de Goberno.
- Convocatoria, envío de documentación e redacción de 1 actas, correspondente á reunión da Comisión Executiva da Xunta de Goberno.
- Convocatoria, elaboración e envío de documentación, e control de asistencia e votacións das actas correspondentes ás Xuntas Xerais ordinarias de 30 de maio e 19 de decembro e das extraordinarias de 6 de febreiro, 8 de abril, 6 de maio, 16 de xullo e 5 de novembro.
- Convocatoria, elaboración de actas, papeletas e control das eleccións de Xunta de Goberno e de Xuntas Directivas, así como dos cargos de Secretario das Delegacións de Lugo e de Santiago. Tamén na renovación da Xunta Directiva da Delegación de Ourense que se celebrou en xaneiro de 2014.

Mantense o rexistro de Sociedades Profesionais de Arquitectos no que figuran inscritas aquelas aprobadas pola Xunta de Goberno ou a Comisión Executiva. O total de sociedades de alta e activas é de 242.

Execución de 638 acordos, recaídos nas sesións de Xunta de Goberno e Comisión Executiva.

Tramitación de 313 expedientes colexiais, que se desglosan como segue:

- 120 altas de colexiados residentes
- 137 baixas de colexiados residentes
- 93 altas de colexiados habilitados
-

Rexistro, distribución e arquivo de 3.168 documentos (2.147 entradas e 1.021 saídas)

Servizos administrativos á Asesoría xurídica e resto de comisións e agrupacións colexiais.

Convocatoria, xestión da documentación e seguimento da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do Colexio, xunto coa convocatoria para o ano 2013 das listas dos membros da Agrupación e das listas dos arquitectos dispostos a actuar como peritos perante os órganos xudiciais e ante as facendas estatal e autonómica.

Elaboración de carnés de colexiados e da documentación que se achega aos novos colexiados.

Selección de información, redacción e elaboración de 67 circulares correspondentes á Secretaría das oficinas centrais.

ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DE RESIDENCIA DURANTE O ANO 2013

COLEXIADOS:

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	46
Lugo	4
Ourense	8
Pontevedra	18
Vigo	17
Santiago	19
Ferrol	8

TOTAL: 120

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	118
Lugo	17
Ourense	7
Pontevedra	26
Vigo	37
Santiago	25
Ferrol	7

237

TOTAL COLEXIADOS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	1005
Lugo	246
Ourense	250
Pontevedra	314
Vigo	510
Santiago	296
Ferrol	126

2747



SOCIEDADES PROFESIONAIS

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	2
Lugo	0
Ourense	0
Pontevedra	0
Vigo	0
Santiago	1
Ferrol	0

TOTAL: 3

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	9
Lugo	3
Ourense	1
Pontevedra	3
Vigo	3
Santiago	6
Ferrol	1

26

TOTAL SOCIEDADES

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	94
Lugo	24
Ourense	18
Pontevedra	29
Vigo	41
Santiago	29
Ferrol	7

242

6. COMISIÓN DE CULTURA

A **Comisión de Cultura** do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, está integrada polos sete representantes das Delegacións e o Presidente.

No decurso do exercicio que se contempla foi a seguinte. Dende o día 1 de xaneiro ata o 8 de abril, a Comisión de Cultura mantivo a estrutura do exercicio anterior, estando integrada polos seguintes membros:

D. Fernando Martínez López Presidente.
Dona Marta Trasancos Yáñez, representante da Delegación de A Coruña.
D. Jose Javier Villacé Rodríguez, representante da Delegación de Vigo.
D. Santiago Rodríguez Alcalá, representante da Delegación de Santiago.
D. José Jaime Vázquez Iglesias, representante da Delegación de Ourense.
Dona Celia Fajar Lomba, representante da Delegación de Lugo.
Dona María Luisa Pierres López, representante da Delegación de Pontevedra.
D. José Alejandro Romero Alonso, representante da Delegación de Ferrol.
César Coll Núñez, Representante Biblioteca

A actual Xunta de Goberno, na súa sesión 21/2013, adoptou o acordou constituír as comisións colexiais e os seus integrantes, quedando a **comisión de Cultura e Comunicación** (Cultura, Comunicación, Proxecto Terra) constituída das seguinte forma:

Responsable: Xosé Manuel Rosales Noves (Vogal Vigo)
Persoal do Colexio de apoio: Rocío Lamas Pérez-Cepeda
Vogais de apoio: Cristóbal Crespo González e Alfredo Díaz Grande

Sendo os representantes de cada unha das Delegación os seguintes:

D. Carlos Pita Abad, representante da Delegación de A Coruña.
D. José Varela Alén, representante da Delegación de Vigo.
D. Santiago García Suárez, representante da Delegación de Santiago.
D. Óscar González Fernández, representante da Delegación de Ourense.
Dona Celia Fajar Lomba, representante da Delegación de Lugo.
Dona María Luisa Pierres López, representante da Delegación de Pontevedra.
D. José Alejandro Romero Alonso, representante da Delegación de Ferrol.
César Coll Núñez, Representante Biblioteca

O pleno da Comisión celebrou neste período varias sesións ordinarias. Tiveron lugar así mesmo outras reunións, tanto presenciais nas oficinas centrais como telemáticas, para a organización de actividades, desenvolvemento de Convenios, Xurados, Premios, Concursos e Publicacións. Para levar a cabo estas actividades realizáronse os seguintes traballos:

Convocatorias e envíos de documentación correspondentes das respectivas reunións.
Transcricións e redaccións de actas, escritos varios, fotocopias e arquivo de documentación cultural.
Elaboración de memoria, presupostos e informes de gastos e ingresos culturais.
Elaboración de varios informes tamén para as diferentes reunións da Comisión de Cultura.

Refírense nas páxinas seguintes as actividades desenvolvidas pola Comisión de Cultura clasificadas por temas.

CONVENIOS

1. Convenio de colaboración entre o Ateneo de Santiago e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia consistente na divulgación de actividades desenvolvidas polo Ateneo entre o conxunto da profesión e éste facilitará o acceso aos membros do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a todas as actividades que



realice en condición de socio. Ambas as dúas partes comprométense a impulsar a organización conxunta de actividades nos eidos cultural, científico ou educativo así como a edición de publicacións e información que propicien a divulgación do saber e o coñecemento.

2. Mantense o convenio de colaboración permanente entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a FUNDACIÓN ALEJANDRO DE LA SOTA aportando unha cantidade anual que se destina con carácter prioritario a aquelas actividades incluídas ou a incluír no programa, e nas que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia teña unha presenza mais xustificada. Tendo así acceso aos fondos dixitalizados da Fundación que están sendo utilizados na Biblioteca Colexial.
3. Convenio de colaboración coa Fundación Cidade da Cultura.
4. Mantense convenio de colaboración entre a Fundación Mondariz Balneario e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
5. Mantense convenio de colaboración entre o Museo do Mar e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

PROYECCIÓN CULTURAL

A Comisión de Cultura na súa actividade de proxección cultural desenvolveu varias actividades relacionadas cos seguintes temas:

- DOCOMOMO IBÉRICO. O Colexio segue participando nas reunións do Organismo Internacional. D. Fernando Agrasar Quiroga é o Delegado do Colexio para as relacións con este Organismo.

DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA 2013.

O luns **7 de outubro** celebrouse o **Día Mundial da Arquitectura**, que nesta edición tivo como lema **“Cultura – Arquitectura”**, querendo destacar a multitude de interpretacións e ilustracións que reflexan a diversidade, riqueza, imaxinación e capacidade de invención dos arquitectos a través dos seus deseños e obras.

O Colexio de Arquitectos de Galicia, a través das súas sete Delegacións, organizou unha serie de actividades co obxectivo de levar aos cidadáns esta celebración, invitándoos a participar nos actos que se celebraron en cada unha das cidades.

As actividades celebradas foron as seguintes:

A CORUÑA	A Pescadería en tránsito. Roteiro urbano polo barrio da Pescadería
LUGO	Acto de homenaxe a José Luis Fernández del Amo Moreno. Conferencia de Manuel Urbano Barrio y Moubre sobre arquitectura relixiosa.
OURENSE	Conferencia “La huella del arquitectos Antonio Palacios en Ourense”. Semana da arquitectura en Ourense.
PONTEVEDRA	Casa Dominguez (A Caeira, Poio) colocación de placa e visita a esta obra de Alejandro de la Sota.
FERROL	Roteiro en bicicleta pola arquitectura racionalista de Ferrol.
SANTIAGO	oteiro pola arquitectura da Universidade de Santiago de Compostela contextualizando a obra de Fisac para o CSIC, o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia.
VIGO	Roteiro no casco vello de Vigo, visitando a recentemente premiada intervención do Consorcio Casco Vello de Vigo na Bienal de Arquitectura de España.

En todos os actos se deu lectura a un Manifesto asinado pola Xunta de Goberno.

Alén diso, cada unha das delegacións complementou a semana con actividades diversas.

XV PREMIO COAG

O día **4 de febreiro** celebrouse a **Gala de entrega dos XV Premios COAG de Arquitectura**, que tivo lugar no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña. Para este acto contou coa colaboración de diversos patrocinadores.

A Gala foi conducida pola actriz galega María Mera e polo director de cine Ángel de la Cruz, e contou coas intervencións do grupo musical yoop!, os monologuistas Rober Bodegas e David Perdomo, os actores Isabel Blanco e Morris e a presentadora de televisión Raquel Atanes.

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS. EDICIÓNS DE LIBROS

- **INTERCAMBIO DE PUBLICACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.** Mantéñense neste momento, intercambios de publicacións de libros con varios organismos e entidades: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña, CGAC, COGAMI, Deputacións de Pontevedra, Lugo, e Ourense, Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, varios COAS nacionais, Centro de Cultura Contemporánea e Deputación de Barcelona, Fundación Antonio Camuñas, Generalitat de Catalunya e con revistas de Arquitectura e Urbanismos nacionais e internacionais. Os fondos recibidos a través destes intercambios pasan a formar parte das publicacións da Biblioteca Colexial.
- **SERVIZO DE ATENCIÓN AOS COLEXIADOS, DEPARTAMENTOS DO COLEXIO E DELEGACIÓNS.** Ao longo do exercicio que se contempla atendéronse nesta Comisión tódalas consultas presentadas sobre temas culturais do Colexio polos colexiados, así como as consultas e información solicitada polos diferentes Departamentos e Delegacións do Colexio para a súa xestión.
- **VENDA, DOAZÓNS E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS.** Dentro da proxección cultural do Colexio, a Comisión de Cultura o longo deste exercicio que se contempla, entregou libros e revistas dos seus fondos como obsequios, doazóns e intercambios en diferentes actos, exposicións, cursos, Xuntas de Goberno, Presentacións, Premios etc.

No mes de xuño procedeuse ao envío da doazón dun lote de 20 libros de publicacións propias do COAG ás bibliotecas de 325 Institutos de Educacións Secundaria de Galicia.

Os traballos realizados no ámbito das publicacións foron: Venda directa de libros, elaboración de albarás, correo, e-mail, reclamacións escritas e telefónicas de devolucións e pedidos. Coordinación cos autores dos libros para elaboración de contratos, colaboración no inventario, xestión de I.S.B.N., colaboración coa Axencia de Prensa e autores para as presentacións dos libros, envíos de libros ás Delegacións de todo Galicia e fora de Galicia, control dos envíos e liquidacións cos distribuidores, control de entradas e saídas de libros.

Durante o ano 2013 ofertáronse lotes de publicacións para os colexiados entre os que cabe destacar: O monografías, catálogos de Premios COAG, revista Obradoiro, patrimonio histórico.



7. FORMACIÓN

Este servizo atende ao obxectivo principal de actualización e especialización técnica dos arquitectos, e para o cal propónse cada ano un programa de actividades coincidindo co calendario lectivo. O programa de actividades do ano 2013 incorporou as seguintes liñas de traballo:

- **Formación propia:** Cursos organizados e promovidos polo Colexio de Arquitectos de Galicia.
- **Charlas técnicas:** Jornadas con en formato docente, impartidas por ponentes de diferentes empresas relacionadas coa construción.
- **Convenios de formación:** Cursos e actividades ofertadas aos colexiados a través de convenios con entidades e organizacións especializadas en diferentes ámbitos.

RELACIÓN DE ACTIVIDADES ORGANIZADAS

FORMACIÓN PROPIA	Fecha	Lugar	Horas
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	31.05	CO	8
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	07.06	CO	8
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	07.06	VI	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	10.06	OU	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	12.06	PO	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	14.06	VI	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	14.06	VI	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	17.06	SA	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	19.06	LU	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	21.06	CO	8
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	21.06	FE	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	26.06	VI	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	28.06	PO	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	01.07	OU	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	03.07	CO	8
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	05.07	CO	8
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	05.07	FE	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	08.07	SA	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	12.07	VI	12
Curso Básico de certificación energética de edificios existentes	15.07	LU	12
Gestión de Proyectos orientado a la Certificación PMI. 14ª Edición	27.05	on line	80
			300



CHARLAS TÉCNICAS	Fecha	Lugar	Horas
Asistencia personalizada para colegiados sobre productos CYPE	15.02	CO	2
	13.03	SA	2
	14.03	VI	2
Geolite® Natural Concrete, Reparación monolítica del hormigón	21.02	CO	2
	04.04	FE	2
	29.05	LU	2
	03.04	OU	2
	28.05	PO	2
	20.02	SA	2
	19.02	VI	2
I edición jornadas técnicas Ivan Eric	16.01	LU	2
	17.01	OU	2
Industrial Recense	15.01	VI	2
Rehabilitación y Construcción Sostenible con Fachadas Ventiladas	27.02	CO	2
Sistema BIM Allplan 2012 Arquitectura	28.02	CO	2
Técnicas de tratamiento del terreno en cimentaciones: aplicaciones en edificación	22.05	CO	2
	23.05	CO	2
Impermeabilización técnica	27.11	VI	2
Necesidades formativas en el uso de medios fijos y móviles de protección y autoprotección contra incendios en edificaciones	13.12	VI	2
			38

CONVENIOS

En materia de formación e polos motivos que se detallan acadáronse convenios coas seguintes entidades e organizacións:

- ARQUITASA. Con motivo do curso básico de introdución á valoración inmobiliaria.
- CENTRO de FORMACIÓN Atinne. Para impartición de cursos sobre diferentes materias.
- CONFEMADERA. Para organización dun programa de visitas a empresas de toda a cadea da madeira e do moble de Galicia.
- IN-NOVA Programa de Innovación Internacional. Para promoción e impartición de formación on-line.
- CYPE Ingenieros, para promoción e impartición de cursos relativos ás súas aplicacións.

8. CONCURSOS

BREVE DESCRICIÓN:

- Ofrecemento de información aos colexiados a través da Plataforma de Concursos do Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España de procedementos de contratación de servizos de arquitectura así como de concursos e premios convocados por entidades públicas e privadas tanto a nivel nacional como europeo e internacional. A tal fin renovouse o contrato con CSCAE.
- Servizo telemático de resolución de consultas e asesoramento a colexiados na materia.
- Accións tendentes a mellorar as condicións de licitación dos contratos de arquitectura ou os procedementos de contratación de Arquitectos pola Administración Pública de Galicia, previo acordo da Xunta de Goberno.
- Colaboración, previo acordo da Xunta de Goberno, coa Administración Pública e entidades privadas na convocatoria de concursos de Arquitectura.

Despois das eleccións colexiais de 20 de marzo 2013, atendeu o servizo provisionalmente o vocal electo de Xunta de Goberno D. Cristóbal Crespo González. Posteriormente segundo acordo publicado na circular colexial nº 47 de 11 de setembro de 2013, o servizo organizouse como de deseguido se dí:

- Comisión de Concursos e Formación: Concursos, Formación, Plan Estudos da ETSAC, Internacionalización.
- Responsable: Cristóbal Crespo González (Vogal A Coruña)
- Persoal do Colexio de apoio: Antonio Freire Romero
- Vogais de apoio: Xosé Manuel López Leira e Xosé Manuel Rosales Noves

En ambos casos, co apoio da asesoría xurídica colexial, a Secretaría colexial e ata outubro de 2013 de Alberto Escobar Molinero, da Área Técnica.

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS:

- Presentación de queixa formal do COAG ante o concello de Logroño debido a unha serie de incidencias que se produciron na tramitación do ***“Concurso de Ideas para la selección de propuestas urbanísticas para regeneración del entorno urbano comprendido por la Glorieta del Dr. Zubía, la zona comercial de las Cien Tiendas y la Plaza de la Paz en la ciudad de Logroño”*** das que deron conta arquitectos colexiados no COAG participantes en dito concurso. A queixa presentouse coa colaboración do Colexio de Arquitectos de La Rioja, respectando o seu ámbito de actuación territorial, e que tiña un representante no xurado.
- Presentación de alegacións fronte ás bases do “Concurso de Ideas, con intervención de xurado, a nivel de proxecto básico, para a obra de construción dun viveiro de empresas no Polígono Industrial de Barro-Meis” convocado pola Deputación Provincial de Pontevedra (publicado no BOP de Pontevedra de 26 de agosto) e negativa do COAG a participar no xurado debido ás condicións do concurso.
- Impugnación da convocatoria efectuada polo concello de Meaño para a provisión dunha praza de arquitecto/a, persoal laboral fixo, polo sistema de concurso (BOE de 4 de febreiro de 2013) mediante a interposición de recurso de reposición.
- Impugnación da convocatoria efectuada polo concello de Oroso para unha praza de arquitecto/a mediante o procedemento de consolidación de emprego temporal (BOP da Coruña de 17/07/2013) mediante a interposición de recurso de reposición.



- Impugnación da convocatoria efectuada polo concello de Neda para unha praza de arquitecto/a municipal con carácter de interinidade (BOP da Coruña de 17/07/2013) mediante a interposición de recurso de reposición.

ACTUACIÓNS DE COLABORACIÓN:

- Previa sinatura dun convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e o Concello de Sober en 2012 para a colaboración co concello na elaboración do prego de bases, a documentación técnica e para a convocatoria dun concurso de ideas para a remodelación da praza do concello, en execución do mesmo, durante o exercicio 2013 efectuouse a convocatoria (realizada na circular colexial da Secretaría colexial nº 45 de 06/09/2013, adicionalmente ao diario oficial) e desenvolveuse o concurso dando cumprida información da súa tramitación a través da web do concurso no enlace: <http://www.coag.es/categorias/Novedades/2013/concursosober/> coa seguinte estrutura:

Información
Calendario
Bases
Documentación
Consultas
Fallo

- Asinouse un convenio de colaboración entre o COAG e a entidade privada Comunidade de montes veciñais en Santa Baia de Donas para a convocatoria do Concurso de ideas e de anteproxectos para a reforma e ampliación do centro social da Comunidade de montes veciñais en Gondomar (Pontevedra). A colaboración do COAG consistiu na asistencia a dita entidade na elaboración das bases, documentación técnica, convocatoria realizada na circular colexial da Secretaría colexial nº 40 (24/07/2013) e desenvolvemento do concurso, do que se dou cumprida información na web do concurso elaborada e contida no enlace: <http://www.coag.es/categorias/Novedades/2013/concursodonas/> coa seguinte estrutura:

Información
Calendario
Bases
Documentación
Consultas
Fallo

9. COMISION DE URBANISMO E TERRITORIO TERRITORIO, URBANISMO, PATRIMONIO E PAIXASE

COMPOSICIÓN

Responsable:	Alfredo Díaz Grande
Personal del colegio de apoyo:	Julia Chamosa Martín
Vocales de apoyo:	Xosé Manuel Rosales Novés y Elvira Carregado Pazos

Representantes en las Delegaciones

Delegación Coruña	Concepción García García
Delegación Santiago	Ana Domínguez Laíño
Delegación Ferrol	Manuel Amable Romero Pérez
Delegación Lugo	Luis Díaz Díaz
Delegación Ourense	Gonzalo Guerra González (hasta las elecciones) Xan Rodríguez González (desde las elecciones)
Delegación Pontevedra	Wenceslao López Velasco
Delegación Vigo	Simón Pereiro López-Quecuty

1) Reuniones

Se celebró una única reunión el 28 de noviembre con los representantes de las delegaciones para poner en marcha, activar, coordinar las delegaciones y desarrollo de la Comisión.

2) Análisis del Borrador de la nueva Ley del Suelo de Galicia

Se creó un grupo de trabajo específico con la siguiente composición:

Alfredo Díaz Grande, Javier Rivas Barros, Iñiqui Soto, Salvador Fraga Rivas, Manuel Freijeiro, Carlos Rosón Gasalla, Enrique Seoane, Alfonso Díaz Revilla,

Se celebró la siguiente reunión: 19 de diciembre con arreglo a las siguientes bases:

- La escala de trabajo

La Ley de Ordenación del Territorio y directrices. Su actualidad.

- Aprovechamientos

Edificabilidad. Aprovechamiento lucrativo. Aprovechamiento tipo.

- El suelo urbano

Consolidado. No consolidado. Los servicios.

- El Núcleo Rural

Delimitación. Vs. Clasificación

- El planeamiento de desarrollo

Los Estudios de Detalle

Las modificaciones Puntuales

- La delimitación de Ámbito de planeamiento

Comarcales

Municipales

Urbanos

Áreas estratégicas

A petición del Decano cuatro Arquitectos de Visado también analizaron el borrador Documento resumen Arquitectos de Visado

Puesta en común del Grupo de trabajo con los Arquitectos de Visado.

Se elaboró un Documento análisis resumen Grupo de Trabajo



10. INFORME DE XESTIÓN ECONÓMICA

CONTAS ANUAIS

RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

1. Retribución anual fixa.

Ata agosto do 2013, os órganos de goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia percibiron unha retribución fixa anual que se corresponde co seguinte criterio:

- O Decano, Secretario e Tesoureiro da Xunta de Goberno tiveron unha retribución fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Decano	24.000,00 €
Secretario	17.000,00 €
Tesoureiro	17.000,00 €
Total	58.000,00 €

- Os 5 vogais de Xunta de Goberno tiveron unha retribución fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Vogal	2.400,00 €
Total 5 vogais	12.000,00 €

- As Xuntas Directivas tiveron unha retribución conxunta e fixa anual que se axusta ao seguinte criterio:
 - Unha cantidade fixa anual de 18.000,00 €.
 - Una cantidade fixa de 10€ anuais por colexiado adscrito a cada delegación. Neste sentido, os datos de colexiación que se utilizarán serán os de colexiación a 31.12.2011. A modo orientativo, o dato utilizado para realizar o cálculo son os de colexiación a día 22.11.2011, que son os seguintes:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Santiago	Ferrol	Total
Colexiados	1.105	245	249	315	530	296	122	2.862

A contía resultante puido ser distribuída entre os seus membros en función dos criterios de dedicación e desenvolvemento de actividades que estimaron oportuno, é dicir, estes importes foron o límite máximo que se puido destinar a actividades cada Xunta Directiva, ben directamente, ben a través de colaboradores. Toda cantidade que excedese de estes importes fixos asignados debeu ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno.

Delegación	Retribución
Xunta Directiva A Coruña	29.050,00 €
Xunta Directiva Lugo	20.450,00 €
Xunta Directiva Ourense	20.490,00 €
Xunta Directiva Pontevedra	21.150,00 €
Xunta Directiva Vigo(*)	26.300,00 €
Xunta Directiva Santiago	20.960,00 €
Xunta Directiva Ferrol	19.220,00 €
Total Xuntas Directivas	154.620,00€

(*) Asígnanse 3000 euros como complemento pola xestión patrimonial



- Existiron ademais seis comisións de traballo que, en función da súa importancia estratéxica, tiveron unha retribución anual fixa que ascende ás seguintes contías:

Comisión	Retribución anual
Servizo de concursos	7.200,00 €
Comisión de visado e área técnica	7.200,00 €
Comisión de Cultura	7.200,00 €
Comisión de planeamento	7.200,00 €
Total Comisións de traballo	28.800,00 €

Todas as retribucións que percibiron os órganos de goberno con motivo do seu cargo se entenden incluídas nos importes e se axustarán aos criterios anteriormente expostos, sen prexuízo da compensación dos gastos en que incorran co motivo do exercicio das súas funcións.

2. Compensación de gastos.

Na compensación de gastos se cubriron exclusivamente os gastos nos que se incorrera con motivo do desprazamento realizado, segundo o seguinte criterio:

- Para os que utilizaron vehículo propio, a razón de 0,22 €/km.
- Para os que utilizaron un medio de transporte público, o custe dos billetes.

Para efectuar o reembolso de los gastos, foi necesaria a súa previa xustificación.

A partir de setembro, aplícanse a seguintes retribucións:

O Decano, Secretario e Tesoureiro da Xunta de Goberno tiveron una retribución
Fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Decano	24.000,00 €
Secretario	17.000,00 €
Tesoureiro	17.000,00 €
Total	58.000,00 €

- Os 5 vogais de Xunta de Goberno terán unha retribución fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Vogal	6.600,00 €
Total 5 vogais	33.000,00 €

- As Xuntas Directivas terán unha retribución conxunta e fixa anual de:

Delegación	Retribución
Xunta Directiva A Coruña	22.000,00 €
Xunta Directiva Lugo	19.000,00 €
Xunta Directiva Ourense	19.000,00 €
Xunta Directiva Pontevedra	19.000,00 €
Xunta Directiva Vigo	22.000,00 €
Xunta Directiva Santiago	19.000,00 €
Xunta Directiva Ferrol	19.000,00 €
Total Xuntas Directivas	139.000,00€



A contía resultante puido ser distribuída entre os seus membros en función dos criterios de dedicación e desenvolvemento de actividades que estimaron oportuno, é dicir, estes importes foron o límite máximo que se puido destinar a actividades cada Xunta Directiva, ben directamente, ben a través de colaboradores. Toda cantidade que excedese de estes importes fixos asignados debeu ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno.

Se establece un importe fixo de 25 euros por día y asistente en concepto de manutención para a asistencia a xuntas de goberno.

Todas as retribucións que percibiron os órganos de goberno con motivo do seu cargo se entenden incluídas nos importes e se axustarán aos criterios anteriormente expostos, sen prexuízo da compensación dos gastos en que incorran co motivo do exercicio das súas funcións.

2. Compensación de gastos.

Na compensación de gastos se cubriron exclusivamente os gastos nos que se incorrera con motivo do desprazamento realizado, segundo o seguinte criterio:

- Para os que utilizaron vehículo propio, a razón de 0,19 €/km.
- Para os que utilizaron un medio de transporte público, o custe dos billetes.

Para efectuar o reembolso de los gastos, foi necesaria a súa previa xustificación.

11. RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

A 31 de decembro de 2013 o capital humano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia componse de **32 traballadores en plantilla**, dos cales 1 se atopa en situación de Xubilación parcial anticipada (xornada de 15 horas/semana).

Segundo o anterior, o persoal efectivo é de **31 persoas, que desenvolven toda a actividade e prestan os servizos que a organización ofrece.**

No ano 2013 tivo lugar a negociación dun Expediente de Regulación de Emprego coa finalidade de reducir a masa salarial do Colexio que foi acordado cos delegados de persoal. O ERE combinou a extinción de contratos coa redución horaria dos traballadores. Como consecuencia disto, no pasado exercicio producíronse as extincións de 12 contratos de traballadores e a partires do 1 de xullo, aplicouse unha redución da xornada laboral dos traballadores do Colexio de 35 a 25 horas.

Por outra parte, o 20 de novembro de 2013 produciuse a incorporación de D. Elías Cueto Álvarez, antigo colaborador do COAG no mantemento da web de planeamento de Galicia, como empregado, o cal veu motivado por resolución xudicial que obrigaba á súa reincorporación, pasando a formar parte da plantilla como arquitecto adscrito á Área Técnica.

Unha vez realizada a ordenación para poder levar a cabo ditos proxectos, a 31 de decembro de 2013 o persoal distribúese segundo o seguinte gráfico:





Persoal por centro de traballo e área_31/12/2013

OFICINAS CENTRAIS		14
José Luis Baltasar Hormigos Manuel García Pita	Área de Secretaría (2)	
Maria Esperanza Malvido Pose	Área de Asesoría Xurídica (1)	
